



Bases da promoción “Rasca e gaña”

Comercio do Concello de CULLEREDO

O Concello de Culleredo producirá un total de **105.000** papeletas “**Rasca e Gaña**” mediante os que se repartirán **2.574** premios, e entregará **500** boletos a cada un dos establecementos participantes, que repartirá un mínimo de **12** agasallos.

A repartición de boletos aos clientes efectuarase entre o **9 de decembro de 2025 e o 5 de xaneiro de 2026** ou ata fin de existencias nos comercios e empresas participantes.

Será criterio do responsable do establecemento comercial decidir o número de boletos a entregar a cada cliente segundo o volume de compra e ata finalizar as existencias.

Premios

- 1 TV LED - LG, UHD 4K, Smart TV, 127 cm
- 1 XIAOMI Redmi 13
- 3 OPPO A40 128GB
- 7 Auriculares XIAOMI
- 6 XIAOMI Redmi Watch
- 4 Alisadoras de pelo Ondas Surferas
- 2 Cafeteiras Cecotec
- 4 Fritadeiras de aire
- 2 Aspiradoras CECOTEC Conga

Resto de Premios

- 424 Clips Rasty Estrella
- 424 Bálsamos labiais Epson rosas
- 848 Vasos de plástico reciclados
- 848 Bolsas totebags



No caso de atopar un dos premios especiais nun boleto o/a premiado/a terá que chamar ao teléfono **620 00 84 50** onde lle indicarán cando dirixirse co boleto premiado á oficina do Concello (Promoción Económica), situada no **CENTRO MUNICIPAL "PABLO PICASSO" Rúa Antonio Machado, s/n 15670**. O Burgo-Culleredo. Teléfono: **981-664204**, en horario de 10:00 a 14:00h, de luns a venres, onde o persoal da oficina ocuparase de xestionar a entrega do agasallo.

En ningún caso os premios serán trocables polo seu valor en efectivo. Non se considerarán válidos os boletos premiados cando nos mesmos se aprecien roturas, riscadas, emendas ou deterioracións, ou calquera outra alteración ou manipulación que impida ou dificulte o seu total e perfecta identificación e autenticación como boletos premiados.

Os gañadores dos **PREMIOS ESPECIAIS** terán que confirmar a aceptación do premio por escrito para poder recibilo mediante a sinatura dun documento que lles entregará o Concello de Culleredo. O premio **TV LED – LG, UHD 4K, Smart TV, 127 cm** estará suxeito a ingreso a conta do IRPF, que correrá a cargo do gañador/a.

Condicións xerais da promoción:

Non poderán participar na promoción o titular, os empregados ou ascendentes/descendentes directos do titular do establecemento emisor do boleto. Si poderán participar nos emitidos por outros establecementos asociados.

Os premios só poderán ser entregados a maiores de idade. No caso de que algún premiado sexa menor de 18 anos a entrega realizárase aos seus titores legais, que deberán acreditar documentalmente a súa condición.

Os establecementos participantes estarán identificados cun cartel indicando a campaña. A data límite para reclamar o premio é o **15 de xaneiro de 2026**. Os concursantes poderán consultar as bases do presente sorteo durante o período no que estea vixente a promoción na páxina web www.culleredo.es.

Os/as premiados/as autorizan ao Concello de Culleredo a utilizar publicamente o seu nome e imaxe en medios, RRSS e en calquera soporte divulgativo relacionado coa Campaña **"Rasca e Gaña"** do Concello de Culleredo. A participación na campaña implica a aceptación íntegra das bases.